



Concello de Mugarbos
(A Coruña)

6/2021. ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA REALIZADA POLO CONCELLO PLENO DE MUGARDOS O DIA 13 DE MAIO DE 2021.

Sendo as nove horas e un minuto do día 13 de maio do ano dous mil vinte e un, previa convocatoria e citación ó efecto, réunese o Concello Pleno en sesión extraordinaria e primeira convocatoria, celebrándose a mesma de xeito telemático debido a que a situación excepcional que se está a padecer, por mor da crise sanitaria xerada pola expansión do coronavirus COVID-19, dificulta de xeito desproporcionado o normal funcionamento do réxime presencial das sesións plenarias, e ao abeiro do acordo adoptado mediante a Resolución da Alcaldía núm. 463/2021, de data 07.05.2021; sesión que se leva a cabo baixo a presidencia do alcalde-presidente D. Juan Domingo de Deus Fonticoba, con asistencia das/dos concelleiras/os Dna. Ana María Varela Bastida, D. José Miguel Mahía Prados, Dna. Begoña Roldós Iglesias, D. Jorge Manuel Kuntz Peiteado, Dna. Maria del Pilar Diaz Otero, Dna. María Dolores González Lorenzo, Dna. María Irene Toimil Fernández, D. José Ángel Martínez Bardanca, Dna. Marta Ruiz del Ganso, D. Ignacio Fernández Fernández e D. Argemino Varela Filgueiras, e para a que previamente se teñen identificado tódolos integrantes do Pleno da Corporación, atopándose todos eles en territorio español. Non asiste, con excusa, o concelleiro D. Iván Martínez González. Asiste tamén, a distancia, a interventora municipal Dna. Ana María Gómez Peña, que previamente se ten identificado, atopándose tamén en territorio español.

Actúa como secretario, D. Miguel Piñeiro Souto, Secretario do Concello de A Laracha, A Coruña, autorizado ao desempeño do posto de Secretaría do Concello de Mugarbos, en réxime de acumulación, mediante Resolución da Dirección Xeral de Administración Local de data 05.04.2021, facéndose constar que tódolos concelleiros/as asistentes atópanse acreditados e perfectamente identificados polo que reúnen os requisitos para poder participar, mediante conexión por medios telemáticos, na presente sesión plenaria.

Aberta a sesión pola Presidencia, éntrase no estudo e discusión dos asuntos incluídos na orde do día, adoptándose os seguintes acordos:

1.- RECOÑECIMIENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS 1/2021.

9 s: Polo sr. Alcalde dase lectura á denominación do presente punto da orde do día e de seguido dá a palabra ao concelleiro delegado de facenda, persoal e participación cidadá.

- EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

42 s: Polo sr. Mahía Prados faise un resumo do contido do recoñecemento extraxudicial de créditos núm. 1/2021 e indica que quedaría por facer outro pequeno recoñecemento extraxudicial con cousas máis puntuais.



Concello de Mugardos
(A Coruña)

2 min 05 s: O sr. Alcalde pregunta se algún grupo quere intervir e de seguido dá a palabra a aqueles concelleiros/as que solicitaron intervir neste primeiro turno de intervencións.

- 1º TURNO DE INTERVENCIÓNS

2 min 24 s: O sr. Martínez Bardanca, tras manifestar que o seu grupo votará a favor da aprobación do expediente, indica que lles tería parecido máis razoable que o recoñecemento viñese a Pleno durante o primeiro trimestre do ano, máis que nada para poder efectuar canto antes o pagamento aos pequenos provedores, e sinala que quere lembrar que cando no seu momento o Partido Socialista facía o pagamento de facturas o Partido Popular, dende a oposición, dicía si se ían a pagar as facturas sen cumprir a normativa dos contratos e que iso mesmo é o que está a acontecer agora, xa que no informe de intervención se indican unha serie de contratos nos que está sen realizar a contratación. De seguido di que él pagaba facturas deses contratos, porque entendía que non se podía deixar sen cobrar aos provedores, e que isto recrimináballo o voceiro do Partido Popular no Pleno. A continuación, o sr. Martínez Bardanca di que xa pasou un ano enteiro, o ano 2020, e que xa houbo tempo suficiente para regularizar eses contratos que están fóra da normativa, tendo en conta ademais que dende decembro de 2019 hai un compromiso do Partido Popular de regularizar tódolos contratos. Para rematar, o sr. Martínez Bardanca pide que regularicen os contratos para non ter que estar aprobando recoñecementos extraxudiciais con informes de intervención nos que se indica que non se está a cumprir a normativa.

7 min 03 s: Polo sr. Alcalde pregúntase se algún grupo municipal quere solicitar a apertura dun segundo turno de intervencións, dando de seguido a palabra a aqueles concelleiros/as que solicitaron intervir neste segundo turno de intervencións.

- 2º TURNO DE INTERVENCIÓNS

7 min 26 s: O sr. Mahía Prados di, no que se refire ao que el dicía cando estaba na oposición, que unha cousa é a conformidade das facturas, que é o que facía o voceiro do PSOE, e outra é a competencia do pagamento, que a tiña a alcaldía, e que polo tanto a súa crítica era se ía a conformar facturas que non sabía si se facían cando o pagamento o ordenaba outra persoa. De seguido, o sr. Mahía Prados dí que están a traballar no tema da regularización dos contratos, indicando que levan máis de 100 propostas de gasto no que vai de ano e que durante o ano pasado abriron 27 expedientes de regularización de contratos dos 42 que hai reparados, sinalando que ogallá tivesen máis medios para poder regularizar as cousas máis rápido. Para rematar, o sr. Mahía Prados manifesta o seu compromiso de regularizar estas contratacións e explica os motivos polos cales aínda non se dispón do orzamento do presente ano e que o obxectivo é dispoñer en setembro dun borrador do orzamento do ano 2022 para que este entre en vigor a un de xaneiro de 2022.



Concello de Mugardos
(A Coruña)

11 min 17 s: O sr. Alcalde intervén para darlle a palabra ao sr. Martínez Bardanca.

11 min 23 s: O sr. Martínez Bardanca di que a pregunta do sr. Mahía Prados na oposición era si asinara algunha factura vinculada a servizos que vulnerasen a normativa referente a contratos menores tal e como a intervención municipal indica nos seus reparos así como nos informes da Conta Xeral, e sinala, de seguido, que a competencia dá igual quen a teña porque o que asina a factura é o responsable da sinatura da factura, e que polo tanto esa era a pregunta que formulara no seu momento e que non tiña nada que ver coa competencia. A continuación, o sr. Martínez Bardanca di que o Partido Popular fai unha oposición diferente ao que fan agora no goberno, porque por exemplo cando están no goberno queren que a oposición non cobre un salario e cando están na oposición queren o contrario. Para rematar, o sr. Martínez Bardanca di que, dende o seu punto de vista, e dado que xa se está en maio do ano 2021, xa debería de estar feita a regularización dos contratos e que en canto aos medios intervención dispón agora mesmo dunha persoa máis para poder darlle saída a todas estas cuestións.

14 min 33 s: O sr. Alcalde quere deixar claro que o Partido Popular dixo o mesmo na oposición que no goberno e que, referente aos salarios, o voceiro do Partido Socialista ten algo máis que engadir que o Partido Popular no referente a que a oposición non teña soldo porque foi unha esixencia que puxo o Partido Socialista. De seguido, o sr. Alcalde, di que nun contexto tan complicado como o vivido por mor da pandemia o goberno tivo que regularizar 2,8 millóns de euros e que ademais houbo que manter os servizos cumprindo toda a normativa sanitaria, relatando, de seguido, as actuacións que se están levando a cabo dende o goberno para regularizar a situación, actuacións tales como regularizar os POS dos anos anteriores, levar a cabo o antes posible 12 licitacións, xustificar e recepcionar obras e facer as obras do pavillón recepcionando cousas que viñan dende o ano 2015. Para rematar, o sr. Alcalde di que é moi complicado facer máis do que están a facer pero que intentarán facer máis esforzos, e que non obstante regularizarán e sacarán pregos para novos servizos municipais tales como os desbroces, as zonas verdes ou o SAF. Unha vez rematado o debate, polo sr. Alcalde sométese o asunto a votación.

Rematadas as intervencións, sométese a votación a aprobación do expediente de recoñecemento extraxudicial de créditos nº. 1/2021, e o Concello Pleno, tendo en conta a proposta formulada polo concelleiro delegado de facenda, persoal e participación cidadá en data 03.05.2021, o informe emitido pola intervención municipal en data 03.05.2021, e o ditame da Comisión Informativa de facenda, persoal e participación cidadá realizada en data 06.05.2021, obrantes no expediente, por 8 votos a favor (5 PP, 3 PSOE) e 4 abstencións (3 EU-SON EN COMÚN, 1 BNG), **ACORDA:**

Primeiro.- Levantar o reparo formulado pola intervención de acordo co informe que obra no expediente, e en base ás consideracións indicadas na parte expositiva da presente proposta, e que afectan as relacións contable de facturas F/2021/3 que comencan co número de rexistro




Concello de Mugardos
(A Coruña)

contable F/2020/2666 a nome de NATURGY IBERIA, por importe de 380,13 euros e remata co número de rexistro contable de factura F/2020/2844 a nome de NATURGY IBERIA por importe de 476,73 euros; relación contable de facturas F/2021/18 que comenza có número de rexistro contable F/2021/8 a nome de COMERCIALIZADORA REGULADA, GAS&POWER, S.A, por importe de 54,63 euros e remata co número de rexistro contable de facturas F/2021/90 a nome de NATURGY IBERIA, por importe de 1.781,14 euros; relación contable de facturas F/2021/19, que comenza co número de rexistro contable F/2021/97 a nome de NATURGY IBERIA por importe de 749,86 euros e, remata co número de rexistro contable de factura F/2021/688 a nome de NATURGY IBERIA por importe de 1.992,17 euros; relación contable de facturas F/2021/20 que comenza co número rexistro contable de facturas F/2019/2389 a nome de JOSE ANGEL NUÑEZ CASTIÑEIRAS por importe de 1.904,00 euros e remata co número rexistro contable de facturas F/2021/859 a nome de UNIDAD EDITORIAL S.A. por importe de 81,90 euros; e a relación de RECIBOS da COMUNIDADE DE PROPIETARIOS EDIFICIO EL CRISTO.URB. MIRAMAR por importe de 9.739,70 euros.

Segundo.- Aprobar o recoñecemento extraxudicial de crédito nº 1/2021 por importe bruto total de 225.526,06 euros. Os gastos correspondentes, imputaríanse aos créditos das partidas do orzamento vixente, están incluídos nas relacións contables de facturas F/2021/3, F/2021/18, F/2021/19 e F/2021/20 e na relación de recibos de comunidade, reflexadas na proposta do concelleiro delegado de Facenda, Persoal e Participación Cidadá de data 03.05.2021, obrante no expediente.

Terceiro.- Aprobar e dispoñer os gastos e recoñecer as obrigas correspondentes a exercicios anteriores, derivadas das facturas incluídas na relación contable de facturas F/2021/3 que comenzan co número de rexistro contable F/2020/2666 a nome de NATURGY IBERIA, por importe de 380,13 euros e remata co número de rexistro contable de factura F/2020/2844 a nome de NATURGY IBERIA por importe de 476,73 euros; relación contable de facturas F/2021/18 que comenza có número de rexistro contable F/2021/8 a nome de COMERCIALIZADORA REGULADA, GAS&POWER, S.A, por importe de 54,63 euros e remata co número de rexistro contable de facturas F/2021/90 a nome de NATURGY IBERIA, por importe de 1.781,14 euros; relación contable de facturas F/2021/19, que comenza co número de rexistro contable F/2021/97 a nome de NATURGY IBERIA por importe de 749,86 euros e, remata co número de rexistro contable de factura F/2021/688 a nome de NATURGY IBERIA por importe de 1.992,17 euros; relación contable de facturas F/2021/20 que comenza co número rexistro contable de facturas F/2019/2389 a nome de JOSE ANGEL NUÑEZ CASTIÑEIRAS por importe de 1.904,00 euros e remata co número rexistro contable de facturas F/2021/859 a nome de UNIDAD EDITORIAL S.A. por importe de 81,90 euros; e a relación de RECIBOS da COMUNIDADE DE PROPIETARIOS EDIFICIO EL CRISTO.URB. MIRAMAR por importe de 9.739,70 euros, o que fai un importe bruto total de 225.526,06 euros.

Cuarto.- Dar traslado do presente acordo á Intervención e Tesourería municipal.



Concello de Mugardos
(A Coruña)

E non habendo máis asuntos que tratar o Sr. Alcalde deu por rematada a sesión ás nove horas e vinte e un minutos do día ao comezo sinalado, estendéndose a presente acta para constancia do acordado, e que asina o sr. Alcalde e da que eu, como Secretario Xeral do Pleno Municipal, dou fe; facéndose constar que as intervencións producidas durante a celebración da sesión quedaron recollidas nun documento (video-acta) que forma parte da acta, no que á transcripción das intervencións se refire, e que se atopa custodiado no sistema informático do Concello de Mugardos, puidendo accederse ao mesmo a través da seguinte dirección de internet:

<http://actasesionesdigital.smartis.es/mugardos/visor.aspx?id=15>

Correspondendo ao seu contido o seguinte código de integridade (SHA-256):
1e9cc34e6ba19759a44964db240f780c8560318b625fcc05aa60f7d3667c2031

Vº e praxe
O ALCALDE